

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 07 XUÑO 2018. ACTA 08/2018

O Sr. Javier Bastos dá lectura das seguintes preguntas:

2. Sobre a declaración de BIC do castelo de Rande. *O Concello de Redondela comezara no seu día as xestións para a declaración de BIC do Castelo de Rande. Daquela o procedemento quedara parado á espera de rematar as obras de ampliación da Ponte de Rande, feito que oficialmente xa aconteceu (oficiosamente non o temos tan claro). En vista do avanzado das escavacións que se están realizando neste importante elemento do patrimonio de Redondela e dos importantes valores que van saíndo á luz, PREGUNTAMOS:*

Ten o goberno local retomado a declaración de BIC do Castelo de Rande ou, de non ser así, vai retomar este procedemento para poder conferirle a este elemento patrimonial o maior grado de protección posible canto antes?

Resposta Sra. París: sobre a fortaleza de Rande existe unha declaración xenérica dende o ano 1949 co Decreto de 1949. A lexislación galega do 1995 recolle que estes bens teñen a consideración de BIC. Levan traballando e facendo unha escavación, verase o estado en que se encontraban estes restos. Estarán representantes de Patrimonio de Galicia porque xa ten a consideración de BIC. Queremos estar presentes para ver que se fai cos traballos e sobre a posibilidade de que as cousas se queden no Museo de Meirande. Calquera traballo de mellora e mantemento queremos que se faga xa.